

Agradecementos, dedicatoria e vídeo de despedida

Agradecementos

Non quixera deixar pasar a ocasión sen agradecer a todas aquelas persoas que dunha forma ou outra colaboraron na elaboración deste curso. A orden é simplemente cronolóxica:

- Ós profesores do **IES San Clemente**: **Rafael Veiga** e **Manuel Vieites**, administradores da plataforma **manuais**] do IES San Clemente, onde se editou este manual. Sen vós isto non sería posible. Grazas, e moitas, polos ánimos recibidos en todo momento. Admais o profesor **Manuel Vieites** participou neste curso subindo moitas imaxes, das máis de 1.670, das que se compón o curso. Hai que subir unha a unha!!!!.
- Á profesora **Catalina Pérez**, compañeira coa que comparto un módulo Bilingüe, por adaptarse, coma unha luva (*guante*), ás miñas necesidades horarias perante o curso. Grazas tamén polos continuos: *Durme e descansa*.
- Á **Dirección do IES San Clemente**, máis condescendencia é imposible. Grazas.
- A **Carlota Pita**, por colaborar subindo moitas das imaxes do curso, dar folgos nos momentos duros e soportar as miñas *ausencias* perante a creación deste curso.
- A **Carme Vivero**, nos momentos nos que as forzas se ausentan e o desánimo ocupa o seu lugar, sempre estás aí para darlle a volta.
- Ós **profesores participantes** na primeira edición deste curso a distancia a través da plataforma **PLATEGA** da **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** da **Xunta de Galicia**. Pola paciencia infinita ante as demoras na entrega do material e pola detección de erratas. Grazas especiais para o profesor Miguel Mourón na detección de erros!!!
- A **Xosé Romarís** coordinador do curso, pola mesma razón anterior, permitindo flexibilidade nas datas.

Adicado

Perante a elaboración deste curso, na miña familia viviuse un momento moi delicado e inxusto.

- Tódalas horas de traballo que hai detrás deste curso van adicadas ó **meu pai** e á miña familia. Todo sairá ben!!.
- Para todos aqueles que loitan por causas perdidas e inxustas.

Vídeo de ?hasta sempre?

Esta vez o vídeo está en español e subtítulo en inglés.

En todas partes (Película Habana Blues, só os 2:55 mn primeiros). A ver quen reconece ó teclista!!! e non digamos ó gaiteiro!!!!!!.

Ata outra.....

